

ANUNCIO

Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Conductor, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal de 2021 do Concello de Monfero

Por Resolución desta Alcaldía nº 35/2023 de data 27 de xaneiro de 2023 aprobouse a Listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para tomar parte no proceso de selección para a provisión en propiedade por persoal laboral fixo dunha praza de CONDUCTOR.

Dando cumprimento á citada Resolución procédese á publicación íntegra da mesma para xeral coñecemento.

Monfero, 27 de xaneiro de 2023. O ALCALDE Andrés Feal Varela

RESOLUCIÓN

ASUNTO: APROBACIÓN LISTAXE PROVISIONAL CANDIDATOS PRAZA CONDUCTOR PROCESO ESTABILIZACIÓN

EXPEDIENTE: 2023/G003/000034

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local deste Concello, na sesión celebrada en data 14 de decembro de 2022, aprobou as Bases Xerais para a regulación dos procesos selectivos convocados polo Concello de Monfero para cubrir as prazas de estabilización de emprego temporal incluídas nas ofertas de emprego público de 2021 e 2022 e as bases específicas do proceso selectivo para a provisión en propiedade dunha praza de Conductor, persoal laboral fixo, incluída na oferta de emprego público extraordinaria para a estabilización do emprego temporal de 2021 do Concello de Monfero, e foron publicadas no BOP núm. 239, do 20 de decembro de 2022, así como no DOG nº 245, do 27/12/2022, e no BOE nº 313, do 30/12/2022.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes para tomar parte no citado proceso de selección e logo de ver as solicitudes presentadas, os informes e resto de documentación que constan no expediente, no uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as seguintes listaxes provisionais de aspirantes admitidos/as e excluídos/as:

A) ADMITIDOS/AS:

	APELIDOS E NOME DO SOLICITANTE
1.	FORNOS MAROÑO, MANUEL

B) EXCLUÍDOS/AS: Ningún/ha

SEGUNDO.- Facer pública a presente resolución, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello de Monfero, aloxado na sede electrónica (<https://sede.monfero.es>), e no B. O. da Provincia da Coruña, e conceder un prazo de dez días hábiles, contados desde o seguinte ao da última publicación, para presentación de reclamacións, alegacións ou emendas de deficiencias ou erros, se fora o caso.

Monfero, 27 de xaneiro de 2023
O Alcalde,
Andrés Feal Varela

